



Recordatorio de deberes legais e suxestión dirixidos ao Concello de Triacastela para que conteste expresamente as peticións e os escritos dos cidadáns sobre actividades mineiras no municipio

Expediente: P.3.Q/22474/17

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

Sra. alcaldesa:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D^a [REDACTED].

No seu escrito, esencialmente, presentaba a súa queixa por mor do disposto no artigo 16.1 da *Ley 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español* no que dispónse que «*La incoación de expediente de declaración de interés cultural respecto de un bien inmueble determinará la suspensión de las correspondientes licencias municipales de parcelación, edificación o demolición en las zonas afectadas, así como de los efectos de las ya otorgadas. Las obras que por razón de fuerza mayor hubieran de realizarse con carácter inaplazable en tales zonas precisarán, en todo caso, autorización de los Organismos competentes para la ejecución de esta Ley*». Así mesmo, no artigo 17.5 da *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia* dispónse que «*A incoación do procedemento de declaración de interese cultural dun ben inmovible determinará a suspensión da tramitación das correspondentes licenzas municipais de parcelación, edificación ou demolición nos zonas afectadas, así como dos efectos das xa outorgadas, a excepción das de mantemento e conservación. A continuidade da suspensión dependerá da resolución ou da caducidade do expediente incoado. A suspensión levantarase coa resolución do procedemento*».

No DOG Núm. 83 do 2 de maio de 2017 publicouse Resolución do 10 de abril de 2017, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pala que se incoa o procedemento para declarar ben

de interese cultural coa categoría de monumento a Cova de Eirós, sita no lugar de Cancelo, na parroquia de San Cristovo de Cancelo, no termo municipal de Triacastela (Lugo).

Téndose constancia de que a empresa estaba a realizar actividades mineiras ao abeiro da licenza municipal para a explotación mineira "Don Isidro nº 6043" outorgada por resolución da Alcaldesa de Triacastela de 21 de novembro de 2014, que ditas actividades se realizan dentro do contorno delimitado no referido expediente de declaración de BIC da Cova de Eirós, sen interrupción, aínda sendo publicada e notificada a resolución de incoación do expediente de declaración de BIC da Cova de Eirós, e que estas actividades non se tratan de actividades de mantemento e conservación do ben, nin obras ou actividades que deban realizarse por razón de forza maior, en data de 22 de maio de 2017 lle foi solicitado a vostede, como alcaldesa do Concello de Triacastela, por parte da, que en virtude das súas competencias en materia urbanística, se procedera inmediatamente a decretar a suspensión da licenza municipal da explotación mineira D. Isidro nº 6043 e a notificar a resolución aos interesados.

Dado que a empresa continuaba as súas actividades extractivas, procedendo incluso a realizar diversas voaduras con explosivos nas proximidades da Cova de Eirós, e dentro do contorno delimitado no antes referido expediente de declaración de Ben de Interese Cultural de dito xacemento arqueolóxico, e sen que o Concello de Triacastela tivese realizado calquera notificación sobre a solicitude de suspensión de licenza municipal, en data de 1 de xuño de 2017 areiterou a anterior solicitude de suspensión da licenza «reformulando a mesma agora para que adquira con carácter de denuncia administrativa segundo a lei 39/2015 e en base aos feitos xa postos en coñecemento e susceptíveis de seren infraccións urbanísticas, solicitando de forma expresa que, previos os trámites oportunos, se acorde a suspensión inmediata das actividades e se incoe o correspondente expediente de reposición da legalidade e os expedientes sancionadores que correspondan, notificando a esta parte de forma expresa todas as incidencias relativas a este asunto».

Tendo continuado a empresa.... as súas actividades mineiras e non tendo realizado o Concello de Triacastela ningunha notificación a esa Asociación sobre os escritos referidos, en data de 30 de xuño de 2017 lle foi solicitado a vostede que se informase expresamente á se fora suspendida a licenza municipal da explotación mineira D. Isidro nº 6043, así como de todas as accións que derivaran dos referidos escritos e o estado de trámite dos mesmos.

Ningún dos referidos escritos foi respondido no momento da presentación da queixa, no mes de setembro, e non se lles comunicou que se tivera incoado ningún expediente de

reposición da legalidade, procedemento sancionador ou calquera outra acción desde o Concello de Triacastela ante as infraccións denunciadas.

Ao considerar que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, foi admitida a trámite e promoveuse unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, dando conta diso a vostede para os efectos previstos no artigo 22.1 da citada Lei do Valedor do Pobo.

En consecuencia, requirimos dese concello que nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa.

O informe do Concello de Triacastela foi rexistrado nesta institución na data do 4 de outubro de 2017, sinalándose nel que se deu traslado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da denuncia formulada pola presidenta da a contra polas actividades realizadas na explotación mineira "Don Isidro 6043", así como do informe da técnico municipal, a acta de inspección e o escrito da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, para que emita o informe cas medidas correctoras á adoptar polo Concello de Triacastela con respecto á actividade de dita canteira.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da administración municipal, cómpre facer as seguintes consideracións:

O feito de que o Valedor do Pobo solicitase información sobre a falta de resposta aos escritos da interesada non exime a esa administración da obrigaçión de responder de forma expresa ás citadas peticións, pois de acordo co establecido na lei reguladora desta institución, o Valedor do Pobo, en calquera caso, velará por que a Administración resolva expresamente, en tempo e forma, as peticións e solicitudes que lle foran formuladas, cumprindo así o establecido no anterior artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no mesmo sentido na vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

A administración está obrigada a responder o cidadán que acode a ela, non dando máis do que pode e debe facer, pero tampouco menos do que razoablemente pode esperarse, e ten que ofrecer ao cidadán unha resposta directa, rápida, exacta e legal. Estamos, pois, ante

unha das manifestacións lexislativas do dereito para obter unha resposta expresa dentro de prazo; ademais, debe igualmente significarse, que esta obrigaón de ningún xeito queda ou debe quedar impelida a que a cidadanía presente unha queixa ante esta institución, como aconteceu no suposto que nos ocupa, onde se emitiu un informe no que se responde ás peticións do interesado tras recibir o escrito desta institución solicitando información sobre a falta de resposta á petición formulada ante esa administración.

Esta institución considera que ese Concello ha de reparar en que o que esixe a norma é que a Administración destinataria responda de maneira expresa en tempo e forma ás solicitudes que os cidadáns formulen, porque así resulta do previsto especificamente no conxunto de dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas administracións públicas.

A obrigaón administrativa de cumprir escrupulosamente coas normas dimana directamente do mandato constitucional do artigo 103 da Constitución que sinala que a actuación da Administración debe servir aos intereses dos cidadáns, non debendo repercutir as deficiencias da actuación administrativa sobre os mesmos, lesionando os seus lexítimos dereitos, debendo tamén insistir en que, de acordo co que dispón Lei 39/2015, incumbe ás administracións públicas rexerse nas súas actuacións polos criterios de eficiencia e servizo aos cidadáns.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Triacastela o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Que o Concello de Triacastela responda expresamente, nos termos que se estimen oportunos, as solicitudes e peticións que sexan formuladas ante esa corporación de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Esta institución insiste en que a falta de resposta expresa á interesada no suposto exposto debe ser emendada o máis axiña posible, debéndose notificar á Sra. ██████ directamente a oportuna resposta pois, de ningún xeito, esa corporación queda eximida de tal obrigaón por informar ao Valedor do Pobo con motivo da tramitación da queixa, debendo dirixir e notificar unha resposta expresa e directa ao interesado, polo que se formula a seguinte **suxestión**:

Que se proceda a contestar expresamente as peticións e os escritos que Dona [REDACTED], formulou ante ese Concello nas datas do 22 de maio de 2017, 1 de xuño de 2017 e 30 de xuño de 2017, dando cumprida resposta ás solicitudes presentadas e ao estado de tramitación no que se atopen.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo